



# Concello de Barbadás

## PROPOSTA DE BASES REGULADORAS DO CONCURSO DE CARTEIS PARA O ENTROIDO DO CONCELLO DE BARBADÁS 2025

Con motivo da celebración do Entroido 2025 a Concellería de Cultura do Concello de Barbadás convoca un concurso de carteis, con arranxo ás seguintes bases:

### 1. **Obxecto**

O obxecto das presentes bases é seleccionar entre os traballos que participen o cartel do Entroido Barbadás 2025, mediante convocatoria por concorrencia competitiva.

### 2. **Requisitos**

Poderá participar no concurso toda persoa física ou xurídica, cun só traballo por participante ou colectivo sendo indispensable que as obras sexan orixinais, que non reproduzan obras ou imaxes que poidan dar lugar a plaxio.

#### 2.1 **Requisitos dos traballos**

- O formato único será vertical con tamaño 50x70 (non servirán formatos proporcionais).
- Presentaran sobre un bastidor ríxido. Non existirán límites de tintas nin técnicas. A obra deberá ser presentada en sistemas informáticos, achegarán ademais da reprodución a cor que reúna os requisitos sinalados, e correspondente soporte magneto/óptico con todos os ficheiros necesarios para a obtención de fotolitos xunto coas fontes utilizadas, e nos seu caso, os orixinais das imaxes utilizadas.
- O cartel imprimirase en offset. O/A autor/a poderá indicar en Pantone as cores utilizadas.
- As obras levarán como único texto:  
Entroido Barbadás 2025. (Non poderán levar sinatura nin pseudónimos)
- O tema será de libre elección e interpretación do/da autor/a, debendo reflexar o sentimento do entroido de Barbadás en todas as súas facetas.
- Os traballos presentados terán como única identificación un lema, o incumprimento desta norma será motivo de descalificación.
- **Valorarase en positivo que os deseños que se presenten a este concurso non conteñan ferramentas de IA.**
- O Concello Barbadás corraxirá os posibles erros dos textos que figuren nas obras e resérvase a facultade de incluír logotipos ou anagramas na composición definitiva do cartel.

### 3. **Forma e prazo de presentación**



# Concello de Barbadás

- O prazo de presentación será dende o día seguinte ao da publicación das presentes bases no Boletín Oficial da Provincia e ata o día 07 de febreiro de 2025.
- As obras entregaranse no Concello de Barbadás, rúa Cimadevila nº1 32890 Barbadás; ou nas oficinas municipais, rúa do Viso nº2, 32002 A Valenzá – Barbadás. No caso de envíos por Correos ou por empresas de mensaxería, non se admitirán entregas a partir das 14:00 h. dese día.
- O lema presentarase escrito no exterior dun sobre pechado. No interior do sobre xuntarase unha fotocopia do DNI do autor/a e información artístico (de estimalo oportuno), enderezo actual e teléfono. Ademáis deberá achegar una declaración xurada de atoparse ao corrente de pagamento coa Facenda estatal, autonómica e local así como coa Seguridade Social.
- Os/as concursantes responsabilizaranse totalmente de que non existan dereitos de terceiros nas obras presentadas, e renuncian a calquera reclamación por dereitos de imaxe.

## 4. Publicacións

Todas as publicacións se efectuarán na sede electrónica municipal Concello de Barbadás. Cimadevila nº 1 32890 Barbadás Telf. 988360000 Fax 988360401 Cif: P-3200900 C (<https://barbadas.sedelectronica.gal>) e na páxina web municipal (<https://www.barbadas.es>). Ademáis de ser publicadas na Bases de Datos Nacional de Subvencións. A convocatoria, xunto coas bases, será publicada así mesmo no Boletín Oficial da Provincia de Ourense.

## 5. Procedemento

A aprobación das bases e a convocatoria corresponderá a Xunta de Goberno Local, por delegación de competencia da Alcaldía.

A tramitación do expediente corresponderá a Concellería de Cultura.

O Xurado encargado de seleccionar o cartel gañador estará conformado polos seguintes integrantes:

- Concelleira de Cultura (ou persoa na que delegue)
- Un/unha traballador/a da área de cultura, que actuará como secretario con voz e voto.
- Un/unha responsable de asociacións culturais do Concello de Barbadás

As decisións do xurado serán inapelables, valorándose segundo os seus criterios artísticos. De estimalo necesario, o xurado poderá propor que o concurso quede deserto. Os sobres abriranse tras a decisión do xurado, e comprobarase que as solicitudes cumpren cos requisitos establecidos, así como tamén os traballos.

Por Resolución de Alcaldía, á vista da decisión do Xurada, previa presentación por parte das persoas



# Concello de Barbadás

premiadas da declaración xurada de atoparse ao corrente de pagamento coa Facenda estatal, autonómica e local así como coa Seguridade Social, procedese a concesión dos premios, que se publicará conforme o establecido no apartado 4 das presentes bases. A publicación terá a consideración de notificación a todos os efectos.

O prazo máximo para a publicación da resolución será o día 14 de febreiro de 2025.

Contra a dita resolución, que pon fin a vía administrativa, poderá interporse alternativamente recurso de reposición potestativo ante este órgano, no prazo dun mes a contar dende o día seguinte ao da publicación, de conformidade cos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas; ou ben interpor directamente recurso contencioso-administrativo, ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo desta provincia no prazo de dous meses, a contar dende o día seguinte ao da publicación, de conformidade co artigo 46 da Lei 29 /1998, de 13 de xullo, da Xurisdición Contencioso-Administrativa. Se optase por interpor recurso de reposición potestativo non poderá interpor recurso contencioso-administrativo ata que aquel sexa resolto expresamente ou se produza a súa desestimación por silencio.

## **6. Premio**

O premio consistirá na edición do cartel seleccionado e unha dotación económica de 500 euros, que se realizará con cargo a partida presupostaria 330.480.

O cartel premiado será propiedade do Concello de Barbadás. Dita propiedade inclúe todos os dereitos correspondente á súa reprodución, difusión e no seu caso transmisión. O Concello de Barbadás resérvase todos os dereitos de propiedade material e uso do cartel e dos distintos elementos que o conformen, xuntos ou por separado así como a súa manipulación e adaptación para adecualo nos diferentes soportes publicitarios.

## **7. Recollida dos traballos non premiados**

Os traballos non premiados deberán ser retirados antes dos 20 días contados a partir do día seguinte á publicación a resolución. Se no prazo indicado non se retiraron, entenderase que os seus autores renuncian á súa propiedade en favor do Concello de Barbadás, quen poderá destruílos ou darlles o destino que considere máis oportuno.

## **8. Disposicións adicionais**

1. A participación no concurso suporá o cumprimento e aceptación das presentes bases.
2. O Concello de Barbadás resérvase o dereito a realizar os cambios oportunos que poida considerar necesarios para o correcto funcionamento.



## Concello de Barbadás

3. En todo o non disposto das presentes bases estarase ao disposto na Ordenanza Xeral de Subvencións do Concello de Barbadás e na lexislación estatal e autonómica na materia.
4. Non están previstas a constitución de garantías, o abono anticipado de pagamentos nin circunstancias que, como consecuencia da alteración das condicións tidas en conta para a concesión da subvención, poidan dar lugar a modificación da resolución.
5. O beneficiario deberá estar ao corrente de pago das súas obrigas tributarias.
6. Este premio non sé compatible con calesquera outro da mesma natureza, ao pasar a ser a obra propiedade do concello.
7. Será de aplicación o réxime de recursos establecido no Título V da Lei 39/2015.

DOCUMENTO ASINADO DIXITALMENTE Á MARXE.